

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005257	Ramón Menéndez Pidal	Coruña (A)	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0933	Formación e orientación laboral	2020/2021	4	107	128
MP0933_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2020/2021	4	62	74
MP0933_12	Prevención de riscos laborais	2020/2021	4	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL EMILIA MESEJO SANTIAGO, JUAN ANTONIO FARIÑA CORES (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ámbito produtivo do século XXI caracterízase polo denominado fenómeno da *globalización*, entendida como un proceso dinámico de carácter económico, tecnolóxico, social e cultural a gran escala, consistente na crecente comunicación e interdependencia entre os distintos países do mundo unificando os seus mercados, sociedades e culturas. A súa consecuencia inmediata no ámbito produtivo son novas formas de organización do traballo baseadas tanto na tolerancia, no respecto e na responsabilidade así como na tecnoloxía, produtividade, calidade e seguridade que exigen dos traballadores, ademais de especialización profesional, a concurrencia doutras capacidades profesionais tales como a adaptación profesional, as conocidas como habilidades sociais, ou o uso das TIC, co fin de permitir que o traballador sexa capaz de permanecer nun mercado de traballo caracterizado por una grande flexibilidade.

Os obxectivos do currículo, e dos módulos, formulados como resultados da aprendizaxe, os contidos, a organización e metodoloxía teñen en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do ámbito socioprodutivo e responden ás características xerais e específicas dos nosos alumnos.

Son algunhas das propias competencias profesionais, persoais e sociais establecidas nos currículos dos ciclos as que xustifican a adecuación deste módulo ás características do ámbito produtivo, xa que a través dos resultados de aprendizaxe han permitir ao alumno:

- ¿ Aplicar normas de seguridade
- ¿ Integrarse na organización da empresa colaborando na consecución dos obxectivos e participando no grupo de traballo con actitude respectuosa e tolerante
- ¿ Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- ¿ Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- ¿ Xestionar a súa carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- ¿ Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e responsable.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da Xestión Comercial.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais dos ciclos formativos de grado medio:

- ¿ Manter comunicacións efectivas co seu grupo de traballo, interpretando e xerando instrucións, propondo solucións ante continxencias e coordinando as actividades dos membros do grupo con actitude aberta e responsable, para se integrar na organización da empresa.
- ¿ Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, identificando a súa achega ao proceso global, para participar activamente nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos de produción.
- ¿ Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- ¿ Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para se adaptar a diferentes postos de traballo.
- ¿ Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.
- ¿ Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais dos ciclos formativos de grado superior:

- ¿ Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe relacionadas coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e para adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- ¿ Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presentan nos procesos e na organización do

traballo e da vida persoal.

- ¿ Tomar decisións fundamentadas analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- ¿ Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- ¿ Aplicar estratexias e técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- ¿ Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos do traballo, para garantir ámbitos seguros.
- ¿ Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- ¿ Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- ¿ Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ás empresas do sector.
- ¿ Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego.
- ¿ Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- ¿ Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- ¿ Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- ¿ Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- ¿ Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- ¿ Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- ¿ Estudo das condicións de traballo do sector de actividade a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación.
- ¿ Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- ¿ Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, e participar na colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos, conexión a internet, e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais: normativa e conceptos básicos	Aprenderanse os conceptos básicos no relativo á prevención de riscos laborais, así como a normativa e os dereitos, obrigas e responsabilidades de traballadores e empresarios	10	5
2	Organización e xestión da prevención na empresa	Aprenderanse os distintos xeitos de organización da prevención na empresa, así como a participación dos traballadores. Tamén se traballará co plan de prevención	12	10
3	Factores de risco e a súa prevención	Aprenderase a identificar e clasificar os distintos riscos laborais, así como a determinar cales son as medidas de prevención e protección máis axeitadas	22	15
4	Emerxencias e primeiros auxilios	Aprenderanse as actuacións a levar a cabo en situacións de emerxencia e a aplicación dos primeiros auxilios	9	5
5	O dereito do traballo	Aprenderase a consultar e a interpretar a normativa laboral e a recoñecer os dereitos e obrigas de traballador e empresario	7	5
6	O contrato de traballo	Aprenderase a recoñecer os elementos esenciais dos que se compón un contrato de traballo e as diferentes modalidades existentes na normativa española	8	5
7	A xornada de traballo. Salario e nómina.	Estudiarase a regulación da xornada de traballo e aprenderase a calcular nóminas e a cumprimentar o recibo de salarios.	14	15
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Aprenderase a recoñecer os motivos polos que se modifican, suspenden e extinguen os contratos de traballo así como as consecuencias para o traballador.	10	10
9	A participación dos traballadores	Aprenderase a recoñecer as modalidades de participación dos traballadores na empresa e as súas funcións, así como o coñecers os requisitos e os efectos do dereito de folga	6	5
10	A Seguridade Social	Aprenderase a recoñecer as obrigas de traballadores e empresarios coa Seguridade Social e coñecerase a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identificaranse as clases de prestacións.	10	10
11	O traballo en equipo	Aprenderase a traballar en equipo e a superar os conflitos que xurdan a través da negociación.	10	5
12	Orientación Laboral	Aprenderase a planificar o proceso de procura de emprego partindo da análise do potencial profesional persoal para acadar os obxectivos profesionais mediante un itinerario profesional. Analizaranse tamén as fontes de información laboral e técnicas de procura de emprego, destacando a elaboración de curriculum vitae e a súa presentación na entrevista de selección.	10	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais: normativa e conceptos básicos	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector do comercio e o márketing
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Organización e xestión da prevención na empresa	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais

4.2.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Factores de risco e a súa prevención	22

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector do comercio e o márketing	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles
CA2.3 Clasifícanse e descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector do comercio e o márketing en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector do comercio e o márketing.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Emerxencias e primeiros auxilios	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias

4.4.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O dereito do traballo	7

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O contrato de traballo	8

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo

4.6.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Elementos personais e reais do contrato de traballo
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A xornada de traballo. Salario e nómina.	14

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran
CA2.8.1 Analizouse o recibo de salarios.
CA2.8.2 Calculouse o recibo de salarios.

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral
CA2.9.1 Identifícanse as causas e os efectos da modificación da relación laboral .
CA2.9.2 Identifícanse as causas e os efectos da suspensión da relación laboral .
CA2.9.3 Identifícanse as causas e os efectos da extinción da relación laboral .
CA2.9.4 Calculouse o finiquito

4.8.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
Modificación do contrato de traballo
Suspensión do contrato de traballo
Extinción do contrato de traballo e cálculo do finiquito

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A participación dos traballadores	6

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución

4.9.e) Contidos

Contidos
<p>0Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Conflitos colectivos.</p> <p>Sindicatos e asociacións empresariais.</p>

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A Seguridade Social	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valórouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico

4.10.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	O traballo en equipo	10

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros

4.11.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector do comercio e o márketing segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Orientación Laboral	10

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título

4.12.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A cualificación de cada avaliación obterase a partir dos resultados acadados polo alumnado nos seguintes apartados:

- Proba escrita teórico-práctica, ponderarase un 60%. Por cada avaliación como mínimo unha proba escrita, cunha parte teórica con preguntas para respostar, ben tipo test, verdadeiro/falso, ou preguntas de resposta breve e unha parte práctica, onde a estrutura variará dependendo dos contidos e procedementos das unidades de traballo a avaliar.

- Traballos individuais, traballos en grupo, participación en clase, e o traballo durante as sesións na aula e tarefas entregadas, ponderarase un 40%. Nestes traballos valoraranse tanto os contidos coma a presentación e exposición oral (de ser o caso) dos mesmos, e os materiais / elementos complementarios empregados, a puntualidade da entrega e que a redacción dos contidos sexan elaborados polo propio alumno. Aqueles alumnos que superen o 10% de faltas non xustificadas e non compaxinen a actividade lectiva cunha profesional non puntuarán neste apartado aínda que teñan presentados todos os traballos.

Cada apartado puntúa sobre 10. En calquera caso, será requisito imprescindible para a obtención do aprobado unha cualificación positiva (de 5 ou máis) en cada unha das partes nas que se divide a cualificación. A cualificación da avaliación será un valor numérico obtido de sumar a nota positiva de ambas partes.

Será necesario para aprobar o módulo obter unha puntuación mínima de 5 en cada avaliación

Aqueles alumnos cualificados negativamente nalgunha unidade didáctica poderá recuperala na proba que se fixe a tal efecto durante cada avaliación. As probas de recuperación dunha avaliación levaranse a cabo na propia avaliación ou na seguinte, e será nunha mesma data para recuperar as unidades non superadas.

O alumno que non se presente a unha proba, independentemente do motivo, terá que recuperala na recuperación que se fixe para esa avaliación. Non se farán probas especiais para o alumno que non se presente. Se un alumno é sorprendido copiando nunha proba suspenderá a avaliación e deberá recuperar a avaliación completa no mes de xuño.

EXAME FINAL:

O alumnado que supere todas as avaliacións terá o módulo formativo superado. A nota final do módulo será a media das notas correspondentes ás 3 avaliacións, no suposto de que todas elas estean aprobadas (nota de avaliación igual ou superior a 5 sobre 10)

O alumnado que teña algunha avaliación pendente de superar recuperará no exame final as unidades didácticas non superadas correspondentes a esa avaliación, é dicir, aquelas nas que non acadou unha nota mínima de 5 e que correspondan a avaliación non superada. Deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 para poder superalas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que supere todas as avaliacións terá o módulo formativo superado.

O alumnado que teña algunha avaliación pendente de superar recuperará no exame final as unidades didácticas non superadas correspondentes a esa avaliación, é dicir, aquelas nas que non acadou unha nota mínima de 5 e que correspondan a avaliación non superada. Deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 para poder superalas. Os contidos e a estrutura da proba serán os mesmos que os das avaliacións trimestrais.

Respecto aos traballos, deberán entregar os traballos que se indiquen e/ou teñan pendentes

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación continua do alumnado require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade didáctica e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se tivera presentado.

Este alumnado será avaliado mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo. A nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou superior para superar o módulo profesional.

Esta proba extraordinaria de avaliación será previa a avaliación final do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

As actividades que elabore o alumnado serán avaliadas e corrixidas no menor tempo posible para facilitar o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Nas exposicións e traballos, ademáis de aplicar os contidos da materia corresponde, e terase en conta a evolución do alumno ao longo do curso facilitándolle tempo na aula e os recursos necesarios e, se fose necesario, empregando utilidades e aplicacións como procesadores de texto, follas de cálculo, presentacións como power point, ou bases de datos. Para mellorar as súas competencias no ámbito profesional e aplicación das novas tecnoloxías.

Estas e outras suxerencias melloren a calidade da formación serán incluídas puntualmente (una vez / mes) na programación e se introducirán melloras ou modificacións adaptándolas ao nivel inicial do grupo e individual de cada alumno.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As conclusións sobre as características, formación previa e capacidades do alumnado, que serán obxecto de análise na avaliación inicial, obteranse mediante un cuestionario que se repartirá entre o alumnado para contrastar, en relación con este módulo, a base matemática previa, a competencia básica nas TIC e unha sondaxe sobre conceptos básicos relacionados co mercado laboral, coa busca de emprego e coa prevención de riscos laborais.

Tamén servirán como instrumentos para esta avaliación inicial a observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

En xeral, os alumnos presentes na aula proveñen do Bacharelato e hai un pequeno número que traballa habitualmente. As idades oscilan entre os 18 e os 23 anos. O grupo, polo tanto, non presenta un alto nivel de heteroxenidade. Elaboraranse tarefas axeitadas aos niveis de coñecemento dos alumnos e proporaranse actividades de reforzo específicas no caso de que se detecte que algún alumno presenta especiais dificultades con algún dos contidos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais serán tratados a medida que se expoñan e estuden o resto de contidos específicos do módulo.

Entre os temas transversais que teñen presenza máis relevante no módulo de Formación e Orientación Laboral, destacamos en concreto os seguintes, así como no desenvolvemento de que contidos específicos do módulo tratásense:

1.-

Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos, tomando unha actitude aberta a novas formas organizativas baseadas no respecto, a cooperación, prescindindo dos estereotipos de xénero vixentes na sociedade. Será obxecto de tratamento no desenvolvemento dos seguintes contidos: no tratamento dos Programas para o Fomento do Emprego, o estudo do salario insistindo no concepto "igual salario, para traballos de igual valor", ao estudar as reformas introducidas pola lei de conciliación da vida familiar, e a lei de igualdade entre homes e mulleres

2.-

A educación para a paz, está asociada coa tolerancia, a non violencia, a cooperación, etc.

Estes valores traballáremos especialmente naquelas actividades realizadas en grupo, para fomentar unha actitude de respecto e valoración positiva das ideas e opinións alleas, fomentando hábitos de comportamento democrático, por exemplo, actividades relativas á negociación e aos convenios colectivos, nas que se terá unha actitude de respecto cara á opinión dos demais e a aceptación da opinión da maioría como fundamental para vivir nunha sociedade tolerante.

3.-

A educación para a saúde é un tema especialmente importante neste módulo, posto que hai un bloque de contidos dedicado á saúde laboral. Os alumnos/as realizen un traballo sobre a prevención dos riscos laborais na súa futura profesión relacionada co ciclo formativo que están estudando. Con esta actividade intentaremos crear nos alumnos/as unha cultura preventiva, que se susciten a importancia da adopción dunhas medidas de hixiene e de prevención de riscos e as súas consecuencias positivas na calidade de vida.

4.-

Educación ambiental para que o alumnado desenvolva criterios de uso racional dos recursos existentes, tomando conciencia da súa escaseza ou agotamiento, coñecendo as alternativas dispoñibles (reutilización, reciclaxe...) e as repercusións ecolóxicas. Concienciaremos ao alumnado da necesidade de efectuar unha correcta disposición dos residuos para facilitar o seu posterior reciclaxe. Os alumnos/as deben sensibilizarse sobre o valor dos bens naturais, os cales son un legado dos nosos antepasados e deben preservarse para as xeracións venadeiras. Potenciaremos normas e actitudes para combater a contaminación ambiental,

5.-Educación intercultural. Teremos unha actitude crítica ante situacións que impliquen discriminación de calquera tipo. Educación para a tolerancia cara ás diferentes formas de entender a vida, orientación sexual, nacionalidade, ideoloxías ou etnias. Educación non sexista e non racista.

Faremos fincapé en realzar e respectar a pluralidade e a diversidade de comportamentos socioculturais, características físicas e psicolóxicas existentes, valorándoos como parte da riqueza antropolóxica do ser humano

6-

Educación para o consumo responsable. Tendo en conta a sociedade consumista na que nos atopamos, é necesaria unha formación crítica na que o alumno/a sexa conciente das intencións de control psicolóxico que exerce o sistema publicitario sobre os individuos.

7.-

Novas tecnoloxías. Manteremos unha actitude aberta na actualización e o uso de novas tecnoloxías nos procesos de traballo. Aplicarase ao longo de todo o curso, e practicamente ao tratar a maioría dos contidos do módulo, nas distintas unidades didácticas

Polo tanto a educación en valores, suxire o emprego dun conxunto de estratexias didácticas moi específicas como: utilizar os xogos de simulación, os debates, as mesas redondas, os comentarios de películas, noticias de actualidade ou a análise dun feito ocorrido no propio centro educativo

son, entre outras, alternativas apropiadas que contrastan coas estratexias didácticas oportunas para outros contidos e aprendizaxes. Si educamos aos alumnos e alumnas nunha serie de valores, contribuiremos á existencia dunha sociedade mellor, máis comprensiva e tolerante cos problemas sociais.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Taller sobre primeiros auxilios (impartido polos alumnos do Ciclo de Emerencias do CIFP Ánxel Casal)
Seminarios sobre búsqueda de emprego e igualdade impartidos polo Concello da Coruña
Obradorio de emprendemento (Fundación RONSEL)
Taller e entrevistas de traballo (Fundación RONSEL)
Outras actividades que poidan xurdir durante o curso.

10. Outros apartados

10.1) ADDENDA Programación: Adaptación Covid-19

Ante a posibilidade, no curso 2020/21, de que se plantexe un escenario de impartición telemática das clases debido a unha suspensión da actividade presencial a causa de novos abrochos de covid-19, o que obrigaría a unha virtualización temporal da materia, o Departamento de Formación e Orientación Laboral:

- Poñerá a disposición do alumnado, en formato dixital accesible, os materiais necesarios (textos, audiovisuais, presentacións...) na Aula Virtual do centro e/ou a G Suite for education
- Realizarase a docencia través da Aula Virtual co curso creado para ésta materia e nivel, no que está matriculado todo o alumnado do grupo, e/ou a G Suite for Education.
- Resolveranse as dúbidas e farase un apoio aos alumnos que así o soliciten, pola profesora de FOL, nas horas da súa titoría

10.2) SISTEMÁTICA A EMPREGAR PARA LLE DAR A COÑECER AO ALUMNADO A INFORMACIÓN RELATIVA Á PROGRAMACIÓN DE CADA MÓDULO PROFESIONAL

Na primeira semana unha vez transcurrido o prazo estipulado para a entrega das programacións polos departamentos, o profesorado encargado de impartir cada módulo dará a coñecer ao alumnado a información relativa á programación de cada módulo profesional, con especial referencia aos obxectivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva. O soporte empregado para facilitar esta información será, preferentemente, de carácter dixital (arquivo en pdf ou espazo web, por exemplo).